

POSTAIS DE PONTEVEDRA

BOLETIN DE CGT CORREOS



2008


¿O ANO DA UNIÓN SINDICAL?



Tras anos de loitas entre sindicatos e polo tanto de división dos traballadores, ¿será este o ano en que tódolos sindicatos xuntémonos pola defensa dos dereitos do persoal?

O ano 2007, entre outras cousas, pode calificarse, coma os anteriores, pola división sindical; pero por diversos motivos, consideramos, que o mellor, este ano, pódense dar as condicións para que a unión se produza.

Recentemente, CCOO anunciou, próximas mobilizacións, UGT e o Sindicato Libre para non ser menos e ser máis, fixeron unha improvisada folga no mes de decembro, a CIG considera que hai motivos máis que suficientes para facer unha folga; e en CGT temos clarísimo de que dende fai anos sobran os motivos para facer mobilizacións para recuperar o perdido e non perder máis.



Por outro lado, os traballadores, sabemos que sen unión non se consegue nada, e que o non chora non mama; e que nas empresas que loitan polos seus dereitos conséguese avances.

Polo tanto, se tódolos sindicatos temos claro que a mobilización é necesaria, e os traballadores teñen claro que sen estas non se conseguen avances, aparentemente danse tódalas condicións para que os sindicatos se unan e con eles tódolos traballadores; pois se isto é así imos cara adiante.

A cuestión é se os sindicatos teñen suficiente capacidade de diálogo para conseguir o que os traballadores tanto necesitamos; deixar os protagonismos, escuros intereses e rencillas aparte, e traballar polo colectivo.

Dende CGT, consideramos que tal vez esteamos ante unha oportunidade única, e que non debemos de deixar de aproveitala; polo tanto dende Pontevedra imos a dar o primeiro paso, e comprobar a vontade do resto de sindicatos provinciais, CONVOCANDO A XUNTA DE PERSOAL DE PERSOAL FUNCIONARIO xa que temos representación nela e INVITANDO ao resto de sindicatos con representación en persoal laboral a que se realice a CONSITUCIÓN DO COMITE DE EMPRESA, no que tamén estará CGT con voz e buscando a unión dos sindicatos provinciais para tentar resolver os problemas de tódolos traballadores de Pontevedra.

OS TRABALLADORES NECESITAMOS UNIDADE SINDICAL

DENUNCIANDO

En Correos estamos acostumbrados a padecer problemas a diario, pódese dicir que a nosa profesión leva o sufrimento implícito: ter seccións que non se poden repartir ao día, estar en ventanillas nas que as colas saen pola porta, a aturar a xefes que non os aturan nin na casa e a levarnos estres a casa. Fronte a iso os xefes provinciais, o único que fan e mirar trapicheadas estadísticas e ven coma crecen as contas de resultados sen mirar a calidade do servicio, as condicións de traballo do persoal ou a saúde dos traballadores.

Cando as carterías están a tope non fan nada, cando entran masivas que desbordan ao persoal miran para outro lado, cando as oficinas están en condicións insalubres din que teñamos paciencia; e algúns deses problemas os traballadores pñeno en coñecemento dos seus sindicatos.

Algúns sindicatos utilizan a técnica do avestruz, agochar a cabeza en poñer o cu en pompa; CGT actúa doutra maneira. Primeiro, poñelo en coñecemento da xefatura e instarlle a unha solución inmediata e se isto non funciona denuncialo, ben publicamente, ben no xulgado, inspección de traballo, concellos, asociación de veciños, etc.

No mes de decembro e ante dous feitos puntuais, como moitos outros que se producen habitualmente na provincia, tras por en coñecemento da xefatura dúas situacións, tivemos que facer denuncia ante os medios de comunicación; e cando isto se produce, algunhas veces a Xefatura fai algo para solucionalo.

FARO DE VIGO
PONTEVEDRAFe
Se
Pi

L7

La Voz de Galicia



Oficina de Correos en Ponte Caldelas. / GUSTAVO SANTOS

Denuncian que la sede de Correos de Ponte Caldelas es "insalubre"

La Confederación General del Trabajo exige que se traslade a los empleados a una oficina provisional

Redacción / PONTE CALDELAS

El estado de la oficina postal de Ponte Caldelas es "poco menos que insalubre". Con estas palabras el delegado sindical de la Confederación General del Trabajo de Correos de Pontevedra, Severino Álvarez Pacheco, denunció la "situación infrahumana" en la que el personal lleva a cabo su labor profesional, instando a la empresa a tomar una solución "urgente".

Álvarez explicó que este local ha sido denunciado en numerosas ocasiones, e incluso sancionado por la Inspección de Trabajo con multas millonarias, por el "penoso estado de sus instalaciones". El delegado sindical apuntó

que a pesar de que Correos ofreció como solución al problema la compra de un nuevo local para trasladar la oficina, "lo cierto es que de momento no ha adquirido ningún inmueble, dejando la situación en suspenso".

Por esta razón, y mientras no se materialice la compra, el sindicato pide a Correos que traslade "de inmediato" a los trabajadores de la sede de Ponte Caldelas a otro sitio, en calidad de alquiler y de forma provisional. Ante el problema, "esta es, de momento, la salida más justa y coherente, ya que esperar por una nueva localización puede llevarnos fácilmente dos años, como todos sabemos las cosas de palacio van despacio", enfatizó el delegado.

O ROSAL

Mil notificaciones sin repartir por la falta de personal y medios en la oficina de Correos

M. Torres

O ROSAL | Los carteros de O Rosal están habituados, como los demás compañeros de gremio, a duplicar esfuerzos durante estas fechas para dar salida a los cientos de cartas que los niños envían a los Reyes Magos. Sin embargo, este año parece que van a tener una fase de entrenamiento aún más dura.

Y es que, según confirmó ayer el Sindicato Federal de Correos e Telégrafos, en la oficina rosaleira hay acumuladas alrededor de mil notificaciones. Esta admisión masiva, explica su delegado, Severino Álvarez Pacheco, no es el problema aunque «pasa muy ocasionalmente». El escollo principal es la falta de medios y personal para poder entregar estas notificaciones, la mayoría del Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL).

La oficina cuenta con seis carteros, que podrían repartir unos 150 certificados al día, pero esta aglomeración multiplica por ocho la cantidad. Además, no disponen más que del ordenador del servicio de atención al público por lo que los registros deben hacerlos «en los huecos». Desde el sindicato urgen a Correos que refuerce la plantilla para poder actualizar este reparto y cumplir los plazos legales.

CARTA A OS REIS MAGOS DUN ANÓNIMO CONTRATADO:

Como este ano porteime ben: Fixen mais horas das que me tocaban para que o barrio non se atascase, saíndolle a correos gratis estas horas. Levei o correo para casa onde o clasifiquei. Cambiáronme de turno da mañá para o de tarde sen protestar sabendo que Correos non respectaba o descanso mínimo de 12 horas entre xornadas. Fun a traballar todos cantos Sábados me pediron, aínda que non me tocasse. Traballei no barrio que me dixeron a pesar de que no meu contrato indicaba o nome da persoa a que debía substituír noutra sección. Andiben nunha moto sen freos e cas rodas gastadas poñendo un casco prestado.... Por todo isto, pídlle os Reis Magos:

-Un casco de moto de Correos novo axeitado a miña cabeza.

-Un uniforme de traballo coas súas camisas, pantalóns, chaleco, etc.

-Un traxe de augas e un calzado que non cale.

-Me concedan as vacacións do 2008 cando as solicite.

-Poder disfrutar dos meus días de asuntos propios cando me fallan falta e que contraten a alguén para cando volva non teña o triple de traballo.

-Que os sindicatos non firmen mais recortes dos dereitos dos traballadores e que se lles vexa ós sindicalistas nos seus postos de traballo para que coñezan o día a día.




Necesito que me traían todo o pedido por iso vou a ir correndo a bota-la carta nun buzón de Correos.

PASIÑO A PASIÑO, NA PROCURA DA UNIDADE SINDICAL


Como dixemos na cabeceira deste boletín, hai que buscar a unidade. O ano pasado foron as eleccións sindicais, e o que se elixiu foron os representantes dos traballadores no COMITE DE EMPRESA (persoal laboral) e na XUNTA DE PERSOAL (funcionarios).

Tendo en conta que estes dous órganos son uns microparlamentos onde están tódolos sindicatos con membros electos ou sección sindical constituída e alí podemos e debemos xuntarnos tódolos sindicatos para resolver os problemas dos traballadores da provincia; e tendo en conta os innumerables problemas que temos: CGT xa formalizou e presentou ante rexistro a CONVOCATORIA de reunión. Agora imos a ver se tódolos sindicatos queren reunirse, debater e xuntarnos para o ben do colectivo.


A continuación e para que non haxa dúbidas, adxuntamos copias rexistrais da petición de CGT para a CONSTITUCIÓN de ditos órganos de representación, e ¿UNIÓN? dos sindicatos.



ASUNTO: CONVOCATORIA DA XUNTA DE PERSOAL



Severino Álvarez Pacheco, con DNI XXXXXXX, delegado sindical, membro electo para a constitución da Xunta de persoal funcionario, en nome e representación do sindicato CGT Correos de Pontevedra, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Ramón Franco 19 Bx de O Rosal, Pontevedra, pola presente comunícalle o seguinte:



-A intención de CONSTITUIR a XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO o día 14 de xaneiro de 2008 as 9:30 da mañá na Sala de Xuntas da Xefatura Provincial de Pontevedra, polo que formalmente quedan notificados para que tódolos sindicatos reunidos poidamos defender a tódolos traballadores.

-Debido a que o sindicato CGT carece de representación electa en persoal laboral en Pontevedra, invitámosvos a que tamén pola vosa parte se faia a invitación á constitución do COMITE DE EMPRESA, a que este sindicato acudira con voz.

Atentamente:

Severino Álvarez Pacheco

Vigo, a 21 de Decembro de 2007



¿ESTAMOS UNIDOS
EN PONTEVEDRA?

SE OS SINDICATOS TRABALLAN POLOS INTERESES DE
TODOLOS TRABALLADORES AGORA É UNHA BOA
OPORTUNIDADE DE DEMOSTRALO



PUBLICACIÓN DE
DIFUSIÓN INTERNA
DE A SECCIÓN
SINDICAL DE CGT
CORREOS EN
PONTEVEDRA

Enderezo : Local sindical CGT
Pza Compostela s/n 36170
Vigo
Movil: 622207099
RICO: 84327

E-Mail : cgtcorreospontevedra@hotmail.com

PAXINAS INTERNETS@NTES

www.cgtcorreospontevedra.blogspot.com

www.cgt.es/correos

www.cgtcorreosgalicia.blogspot.com

www.chatpostal.blogspot.com

COMPAÑEIRO/A:

CGT, e os traballadores que formamos o sindicato estamos a túa disposición para axudarte, ou alomenos asesorarte de cómo solucionar o que te preocupa. Polo que te invitamos a que te poñas en contacto connosco cando así o consideres, independentemente de que estes ou non estes afiliado a CGT. Antes de nada, somos compañeiros, e como tal tentamos comportarnos.



Tódoos anos, en novembro e decembro, é habitual ver pasar polas carterías a algúns sindicatos a vendernos lotería, e este ano tamén aconteceu. Curioso é, que xa que UGT pasou polas nosas carterías, e ían a convocar unha folga para finais de decembro, ¿por qué non dixo nada ata unha semana antes?. É curioso tamén que igual que a lotería, para uns sindicatos, os traballadores sexamos unha mercadoría; xa que mentres CCOO non convocou unha mobilización en 10 anos en Correos, un mes antes das eleccións e facéndolle campaña ao PP di que hai que mobilizarse e os cartos que non reclamou esíxeos para xa. E como somos unha mercadoría, UGT convoca unha folga as carreiras, e pensando mal, tal vez, para que tivese pouco éxito e así desanimar ao colectivo para que non teñan gañas de facer outra cando lle faia dano ao seu partido, o ZAPASOE.

XEFES:

Nesta provincia temos de todo, e o caso non é criticar por criticar, xa que sabemos de xefes que estiveron repartindo moi recentemente, dando exemplo e demostrando que voltar a coller o carro non é unha deshonra. Pero tamén vexo a outros lendo o periódico mentres ao seu lado os carteiros están asfixiados, ou dicirle que vaian a levar os urxentes dos barrios que non cobren a persoal que fai o barrio en 3 días, mentres él utiliza o vehículo de Correos para ir ao supermercado e outros usos particulares durante alomenos dúas horas diarias. Ou como a virxe zaragozana, algunha xefa tentou impedir o dereito sindical de información a os traballadores polos delegados de CGT, e dicímoslle: “farás calar a outros pero a os de CGT, na túa basílica, NON”.

Tamén temos constancia de que algunhas xefas amosanse fachendosas de facer chorar e obrigar a pedir traslados a “subordinados”; ante o que lle advertimos tanto a ela como aos responsábeis provinciais coñecedores de tales situacións: Hai denuncias que van polo penal.



Se desexas recibir **POSTAIS DE PONTEVEDRA**, envíanos os teus datos persoais a: Local sindical de CGT, Pza de Compostela s/n, Correos CP:36170, Vigo, ou a cgtcorreospontevedra@hotmail.com, onde tamén podes remitir as túas colaboracións, suxerencias, problemas, solicitudes de axuda, informacións, etc.:

Nome e
apelidos:.....

Enderezo ou
oficina:.....

CP:..... Localidade.....

Ou se o prefires recibir ao teu correo electrónico, indícao:
e-mail:.....